

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Cal das seguintes NON é unha parte do corpo humano?

- A) Hombro
- B) Nocello
- C) Xeonllo
- D) Cóbado

2. Absterse de comer durante certo tempo, é:

- A) Aiunar
- B) Xaxuar
- C) Axuar
- D) Axunar

3. Conxunto organizado de células especializadas:

- A) Texido
- B) Tejido
- C) Teixido
- D) Tecido

4. Sinale a frase correcta:

- A) Traballa no hospital dende hai vinte e cinco anos
- B) Traballa no hospital desde hay vinte e cinco anos
- C) Traballa no hospital dende hai vintecinco anos
- D) Traballa no hospital desde fai vinticinco anos

5. Cal é o masculino de irmá?

- A) Irmao
- B) Irmán
- C) Irmano
- D) Irmó

6. Sinale o plural incorrecto en galego:

- A) Compás/Compás
- B) Tórax/Tórax
- C) Lapis/Lapis
- D) Luns/luns

7. indique a opción incorrecta:

- A) Un mozo
- B) Unhos mozos
- C) Unha moza
- D) Unhas mozas

8. Sinale a forma verbal correcta en galego:

- A) Anduvicheis
- B) Anduvichedes
- C) Andasteis
- D) Andastes

9. Cal dos seguintes cores e incorrecto?

- A) Amarelo
- B) Azul
- C) Naranxa
- D) Verde

10. Sinale o número incorrecto en galego:

- A) Once
- B) Quinientos
- C) Dezaseis
- D) Trinta e catro

Preguntas de reserva

1. Indique a forma correcta da palabra que significa "expulsar o aire dos pulmóns con forza e producindo un ruído característico":

- A) Tusir
- B) Tuser
- C) Toser
- D) Tosir

2. Sinale a forma correcta en galego:

- A) Oxíxeno
- B) Oxíseno
- C) Osíxeno
- D) Osiseno